

ASUNTO: RESPOSTA Á CONSULTA REMITIDA POLO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN NO DÍA 18 DE MAIO DE 2016 SOBRE O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

- REF: CON/13/2016

Tense recibido polo departamento de Contratación no día de hoxe, 18 de maio, consulta relativa ao expediente de contratación do servizo de posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017 (CON/13/2016) co seguinte texto:

Nunha primeira análise dos pregos técnico e administrativo formúlansenos algunha dúbida:

1º.- Na valoración dos criterios A.2, equipo técnico asociado, a dúbida estriba en saber se as persoas que conforman a equipa técnica son 5, con porcentaxes de participación mínimas indicadas no prego técnico (punto D.4.1), ou é posible:

- a) Incorporar máis persoas, por exemplo, unha sexta, asociada á área de deseño e comunicación, con imaxinemos un 100% de dedicación. Iso faría que nese apartado, houbese 2 persoas un 166,70 % de dedicación (a primeira persoa a esixida no prego, cun 66,7% de dedicación e esta segunda cun 100%)
 - b) incorporar máis persoas non adscritas aos 5 perfís definidos. Como se valorarían, se é o caso?
 - c) Incorporar nun dos apartados (exemplo: comunicación) dúas persoas, unha especialista en Deseño e outra en Comunicación
- 1º.- Na valoración dos criterios A.2, equipo técnico asociado, a dúbida estriba en saber se as persoas que conforman a equipa técnica son 5, con porcentaxes de participación mínimas indicadas no prego técnico (punto D.4.1), ou é posible:

Resposta:

O equipo pode estar conformado por máis das 5 persoas que se sinalan como obligatorias no prego de prescripcións técnicas, pero só se valorarán esas cinco, cada unha até un máximo do 100% de dedicación na contía que exceda a dedicación mínima esixida, e cada unha coa experiencia que se acredeite.

2º.- Na fórmula de valoración global das ofertas, enendo que B.1 e B.2 serían os criterios A.3 e A.4

Resposta:


Si, o criterio A.3 refírese ao B.1 e o criterio A.4 refírese ao B.2.

E a maiores:

A formulación que se indica nese apartado significa que, por exemplo:

Empresa A ten valoración do apartado A.1 en 20 puntos

Empresa B ten valoración do apartado A.2 en 10 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

OFICINA ORZAMENTARIA

Non habendo máis empresas, o reparto de puntos asignados (neste caso os 30 puntos que hai en xogo do apartado) se distribúen de forma proporcional e lineal. É dicir, no caso exposto, a empresa A tería 30 puntos e a B tería a metade, 15.

Resposta:

No apartado A.1 repártense 30 puntos, coa desgregación en seis partes sinalada no prego. A puntuación neste apartado depende da apreciación técnica sobre a oferta presentada. Non existe unha fórmula que ligue a oferta dunha empresa coa de outra. É dicir puntúanse de forma independente. Cada empresa obterá a puntuación entre 0 e 30 que mellor traslade a calidade da oferta presentada.

E o mesmo coa interpretación do apartado A.2

Empresa A ten unha equipa que considerando perfís, dedicacións e meses de experiencia pode ter 1000 puntos, e a empresa B 500. Non habendo máis empresas, a empresa A tería os 15 puntos máximos dese apartado e a B o proporcional, 7,5.

Resposta:

Vid. Sup.

É correcta esta interpretación do parágrafo final da páxina 17 de 24.

Resposta:

Si. Neste caso a valoración obxectiva ligará as puntuacións de todas as ofertas entre si, sendo proporcional a valoración á puntuación.

3º.- Prazos de presentación e de execución


A proposta técnica e cadre de características indica que o prazo de ejecución é de 5 meses desde 16 de maio a 15 de outubro. Tendo recibida hoxe a efectos formais a notificación da invitación do correo electrónico, os prazos de presentación levan a 10 días hábiles contados desde mañá. Por tanto data tope o 21 de maio.

E sabendo que aínda queda un proceso de avaliación de propostas, negociación, comunicación de oferta más ventaxosa, presentación de documentación para formalizar contrato, e asinar contrato, non parece posible iniciar o proceso de ejecución do contrato en 16 de maio. Se é iso así, que solución ten pensado o órgano de contratación?

Resposta:

Adiantar en aproximadamente 15 días o comezo e o remate das fases A1 e A2, así como o comezo da fase A3, e ampliando en 15 días a fase B5.

4º.- E ao fío do anterior, a proposta técnica debe recoller as datas exactas que se consideren para o período 16 maio-15 outubro para a realización dos hitos do proxecto (asambleas de distrito e cidade, do grupo motor, etc)



CONCELLO DE SANTIAGO

OFICINA ORZAMENTARIA

ou o diagrama de Gant, planificación e cronograma debe facerse de forma aséptica (posta en meses/días xenéricos)

Resposta:

Todos os datos de calendario, cronogramas, etc... debe fixar días exactos tanto para os eventos puntuais como para as datas de inicio e fin das tarefas que se definan. En caso de se presentar adiamentos caberá a revisión da data inicial do proxecto, movéndose en consecuencia todas as demais.


5º.- No sobre B só e únicamente se introduce o Anexo II, sen ningunha outra documentación, non si?

Resposta:

Si

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2016.

O técnico da Oficina de Orzamentos,



Jesús Noya Liste